

# **BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DIA VINTE E OITO DE FEBREIRO DE DOUS MIL ONCE (28.02.2011)**

## **PLENO NUMERO 01/2011**

**N**o Salón de sesións do Ilmo. Concello de Bóveda, cando son as doce horas e cinco minutos do día vinte e oito de febreiro de dous mil once, reúnese en sesión ordinaria e en primeira convocatoria o Concello Pleno baixo a Presidencia do Alcalde:

1.- D. JOSÉ MANUEL ARIAS LÓPEZ

Concorren a sesión os seguintes Concelleiros:

- 2.- D. JOSÉ LUIS RIVERA SACO,
- 3.- D. DIONISIO BLANCO RUBIÑOS
- 4.- D. FRANCISCO JAVIER DOMINGUEZ LÓPEZ
- 5.- DNA. CRISTINA JUÍZ LÓPEZ
- 6.- DNA. MARIA DEL CARMEN MACIA RODRÍGUEZ
- 7.- DNA. ANA RUTH JUÍZ LUGO
- 8.- D. JORGE GARCÍA LÓPEZ

Non asiste o Concelleiro: D. MANUEL LÓPEZ PÉREZ, que excusa a súa asistencia

Como Secretario D. Luis Eduardo Matias Sánchez que da fe.

Aberta a sesión e declarada pública pola presidencia as doce horas e cinco minutos, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum de asistencia necesario para que poda ser iniciada, procedese a coñece-los seguintes asuntos incluídos previamente no orde do día:

### **I.- APROBACIÓN, SI PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA ANTERIOR Nº 06/2010**

O Presidente pregunta si algún membro da Corporación ten que formular algunha observación o borrador da acta da sesión anterior número 06/2010 distribuída coa convocatoria.

Ningún dos Concelleiros presentes formula alegacións e, a continuación, o Sr. Presidente somete a votación a aprobación do referido borrador da acta, sendo esta aprobada por unanimidade.

### **II.- BONIFICACIÓN I.C.O. POR OBRAS DA CASA-ESCOLA DE REMESAR**

Visto o escrito subsrito por D. Gonzalo Fernández Carreira, en representación da Comunidade de Montes Veciñais en man común da parroquia de Remesar, mediante o que solicita, a bonificación no Imposto sobre construción que corresponde Licenza Municipal nº.: 2011/001 para a realización de obras de conservación e/ou mantemento na Casa Escola de Remesar, destinada a local social, consistentes en: Repicado e rexuntado da pedra dos paramentos exteriores e interiores, recolocación de ventás, substitución de porta de entrada de madeira por outra en aluminio lacado, reposición de plaqueta de solado, acondicionamento de escaleira interior, cepillado, pulido e vernizado de sollados de madeira e instalación de cociña de fundición, destina a fins de interese social, a tendo en conta o disposto no apartado 5º do artigo 4º da Ordenanza Fiscal nº 2, reguladora do imposto sobre construción, instalacións e obras, que admite unha bonificación do 95% na cuota correspondente para aqueles edificios destinados a uso dotacional tales como, escolar, deportivo, recreativo, relixioso, sanitario, asistencial, etc., xunto coas correspondentes actividades complementarias, o Pleno por unanimidade ACORDA:

1º.- Declara-la Casa Escola de Remesar e as obras de conservación e/ou mantemento que se pretenden, de especial interese e utilidade municipal, concedéndolle unha bonificación do 95 % no imposto sobre construcións, instalacións e obras.

2º.- Esta declaración de especial interese ou utilidade municipal queda condicionada a que a súa realización se axuste ó establecido na licenza municipal, quedando ésta automaticamente sen efecto, sen necesidade de novo acordo en contrario, tanto nestes supostos como nos de caducidade da licenza.

3º.- Notificar este acordo a D. Gonzalo Fernández Carreira, na súa cualidade de Presidente da Comunidade Veciñal de Montes en Man común de Remesar.

### **III.- ELECCIÓN XUIZ DE PAZ SUBSTITUTO PARA O XULGADO DE PAZ DE BÓVEDA.**

Recibido escrito do Ilmo. Sr. Presidente da Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de data trece de setembro de 2010, mediante o que da conta da vacante producida no cargo de Xuíz de Paz substituto como consecuencia da renuncia da anterior Xuíza de Paz.

A tal fin procedeuse a convocar mediante Bandos e a publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia número 005, do 8 de xaneiro de 2011, presentándose as candidaturas seguintes:

1º.-Dña. Patricia López Méndez

2º.-D. Juan José Ramudo Fernández

Á vista dos méritos alegados polos dous candidatos presentados, o Pleno da Corporación, por cinco votos a favor do Grupo municipal Popular e tres abstencións adopta o seguinte ACORDO:

Designar a D. Juan José Ramudo Fernández como Xuíz de Paz Substituto do titular, propoñendo o seu nomeamento á Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

### **IV.- CESIÓN DE TERREOS POR MOTIVOS URBANÍSTICOS**

Dase conta do ditame emitido pola Comisión informativa de Asuntos do Pleno relativa a este asunto. Non se produce debate, sométido a votación, por unanimidade, o Pleno ACORDA:

Visto o expediente 2010/281-279, instruído para a aceptación dos terreos de cesión gratuíta e obrigatoria, situados na Rúa Do Souto, nº 3, da parroquia de Bóveda efectuada por D. José Luis Goyanes González, para dar cumprimento ó disposto no artigo 20 da Lei 9/2002, do 31 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, derivado da solicitude e obtención de licenzia para Rehabilitación de edificio destinado a vivenda unifamiliar, obrante no expediente 144/2010-2531, o pleno por unanimidade ACORDA:

1º.- Acepta-la cesión gratuíta efectuada por D. José Luis Goyanes González de Trinta e sete metros cadrados e Oitenta centímetros cadrados dos terreos da súa propiedade, sito na Rúa do Souto nº.: 3, consonte o plano que figura no expediente.

2º.- Afecta-los ditos terreos para viais, conforme ós fins previstos nas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal, coa calificación de dominio e uso público.

3º.- Dar de alta estes terreos cedidos no Inventario Municipal.

### **V.- CONCESIÓN DE BOLSA A USUARIO DO PUNTO DE ATENCIÓN Á INFANCIA.**

Dase conta do Ditame que sobre este asunto emitiu a Comisión informativa de Asuntos do Pleno. Sometido o asunto a votación, por unanimidade, o pleno adopta o seguinte acordo:

Conceder dúas bolsas nos seguintes termos:

<b>Tarifa a aplicar</b>	<b>% beca</b>	<b>Contía bolsa</b>
C2	93.75% tarifa C2	150 € /mes
C2	93.75% tarifa C2	150 €/mes